A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 34.4, establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

De acordo coa base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguais a un importe de 3.000,00 €, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Legislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Para o aboamento do devandito anticipo a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.
2. Documento bancario no que se indique o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitude achegada.
3. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo I da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento do anticipo, unha vez aprobado o mesmo, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 11 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE INCORPORACIÓN, SE PROCEDE, DA DEPUTACIÓN DE LUGO Á AGRUPACIÓN DE ENTIDADES COORDINADA POLA DEPUTACIÓN DE CÁCERES PARA A SOLICITUDE DAS AXUDAS REGULADAS NA ORDE DO 26 DE XULLO DO 2023, POLA QUE SE EFECTÚA A CONVOCATORIA CORRESPONDENTE AO ANO 2023 DO PROGRAMA "EXPERIENCIAS TURISMO ESPAÑA" NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

Antecedentes.

Primeiro. Con data 02.08.2023 o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, publica no BOE o Extracto da Orde do 26 de xullo de 2023, pola que se efectúa a convocatoria correspondente ao ano 2023 do Programa "Experiencias Turismo España" no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



Na mesma refírese ás bases que regulan a devandita convocatoria publicadas non BOE do 11.01.2022 co título: Orde ICT/1524/2021, do 30 de decembro, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o Programa «Experiencias Turismo España» e apróbase a súa convocatoria para o exercicio 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Modificada pola Orde ICT/182/2022, do 10 de marzo (BOE 15/03/2022), pola Orde ICT/293/2022, do 31 de marzo (BOE 8/04/2022), e pola Orde ICT/1244/2022, do 13 de decembro (BOE 17/12/2022).

Obxecto.- De conformidade coas mesmas, estas axudas están destinadas a impulsar proxectos de redes de actores que desenvolvan experiencias turísticas sostíbeis, dixitais, integradoras e competitivas en España, que se repliquen no territorio nacional ou no territorio de, polo menos, tres comunidades autónomas.

Unha Experiencia Turismo España impulsa proxectos de redes de actores que desenvolvan experiencias turísticas sostíbeis, dixitais, integradoras e competitivas en España, se se desenvolve en todo o territorio nacional ou, polo menos, en tres comunidades autónomas, e enmárcase nalgunha delas seguintes liñas de traballo incluíndo algunhas das seguintes accións:

- a) Liña de traballo Innova: A liña Innova ten como obxectivos impulsar e fortalecer as redes de actores e crear narrativas sobre experiencias inspiradoras que constrúan relatos a nivel país; mellorar recursos; impulsar a mellora da sustentabilidade turística e profundar na transformación dixital.
- b) Liña de traballo Integra: A liña Integra pretende impulsar que a experiencia turística incorpore no seu deseño, de maneira normalizada e adaptada ás distintas realidades, o contexto produtivo local próximo aos destinos a través das dinámicas de economía circular; as comunidades locais e a diversidade de perfís e segmentos.
- c) Liña de traballo Comunica: A liña Comunica pretende mellorar a comunicación das Experiencias Turismo España e convertelas nun dos piares da promoción exterior do noso país. Os ámbitos relacionados coa seguridade e a resiliencia terán especial atención.

Beneficiarios.- Entre outros, Entidades públicas que actúen como entes de cooperación turística municipal, comarcal ou provincial, e sociedades públicas con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes destas.

Os beneficiarios deberán ter un ámbito territorial de actuación que afecte, polo menos, a tres Comunidades Autónomas

Os beneficiarios poderán presentarse a título individual ou como parte dun proxecto de cooperación, conforme ao establecido no artigo 11.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e o artigo 67ii do Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia:

- a) Cando se trate dun beneficiario único, o seu ámbito territorial de actuación será nacional ou con implantación en, polo menos, tres comunidades autónomas.

b) Cando se trate dun proxecto en agrupación, a suma dos ámbitos territoriais de actuación de todos os beneficiarios deberá ser de, polo menos, tres Comunidades Autónomas diferentes.

As condicións previas, por tanto, son:

Que o ámbito de actuación do participante ou dos participantes afecte o territorio de, polo menos, tres comunidades autónomas.

E que os proxectos teñan un orzamento mínimo de 100.000 euros.

Se o ámbito de actuación da entidade propoñente é inferior ao de tres comunidades autónomas (local, provincial, rexional ou autonómico), poderá presentarse nun proxecto en agrupación.

Nos proxectos a agrupación será a suma dos ámbitos territoriais dos propoñentes os que deban cubrir o requisito territorial. Por iso, tamén neste caso pedirase que acredite o ámbito de implantación territorial de actuación que figura nos estatutos de cada unha das entidades que se presentan conxuntamente.

Para que unha rede de entidades privadas e/o públicas preséntense cun proxecto en agrupación deben subscribir previamente un acordo entre elas.

Subvención: O importe do financiamento a conceder segundo a orde reguladora das axudas será do 100 por 100 sobre o orzamento do proxecto que fose considerado financiable.

Cada proxecto individual poderá ter unha contía mínimade 100.000 euros e unha contía máxima de 1.000.000 euros.

A contía percibida por cada beneficiario non superará os 200.000 euros. No caso de que os beneficiarios presenten proxectos en agrupación, o cómputo desta contía máxima realizarase a nivel de cada un destes beneficiarios que forme parte da agrupación.

Gastos subvencionables, os inherentes ao proxecto:

- a) Persoal directamente relacionado coa posta en marcha do proxecto.
- b) Gastos relacionados coa creación de redes de actores experiencias turísticas.
- c) Viaxes e manutención, coas condicións e limitacións que se establecen.
- d) Asistencias externas, como análises, asistencias técnicas, elaboración de protocolos ou informes previos. Servizos externos que, sendo necesarios para a execución do proxecto, non poidan ser realizados polas entidades participantes.
- e) Solucións tecnolóxicas e de transformación dixital.
- f) Gastos e investimentos en obras de rehabilitación e mellora para mellorar os recursos culturais ou naturais de base, as instalacións asociadas, a súa accesibilidade e adecuación dos recursos e servizos que compoñen a experiencia turística, sempre que estean dirixidas a incrementar a sustentabilidade e a eficiencia e que impliquen un avance cara a unha economía baixa en carbono e a redución na xeración de residuos, incluído o fomento da reutilización de produtos e a economía circular.
- g) Formación e sensibilización.



- h) Estratexias, plans e soportes para mellorar a comunicación das experiencias.
- i) Material funxible

Tamén poderá ser financiable o gasto derivado da revisión de conta xustificativa polo auditor, no caso de que o haxa, ata un límite dun 5% do orzamento inicial.

En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos.

Prazo de execución do proxecto.- A Disposición adicional única da Orde ICT/1244/2022, do 13 de decembro, pola que se modifica a Orde ICT/1524/2021, do 30 de decembro, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o programa "Experiencias Turismo España" e apróbase a súa convocatoria para o exercicio 2021 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia¹, establece o seguinte:

“Disposición adicional única. Modificación da convocatoria de 2021 do Programa Experiencias Turismo España.

Modifícase o artigo 38 da convocatoria de 2021 do Programa Experiencias Turismo que queda redactado como segue:

«Artigo 38. Período de realización dos proxectos e actuacións subvencionables.

Nos proxectos que se presenten a esta convocatoria poderán financiarse gastos devengados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2022 e a data fin do prazo de execución de actuacións que en todo caso non poderá superar os dezoito meses contados desde a resolución de concesión das axudas. Quedan excluídos aqueles proxectos terminados a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.»

Segundo. Con data 07.09.2023, a Área de Reto Demográfico, Desenvolvemento Sostible, Xuventude e Turismo da Deputación de Cáceres manifesta que leva un tempo traballando no desenvolvemento de accións dirixidas a favorecer ecoexperiencias en destinos de auga de interior e que ten intención de presentar un proxecto ao Programa "Experiencias Turismo España", convocatoria 2023.

Ten a intención de presentarse liderando un proxecto de cooperación ao que se suman as seguintes entidades: Deputación de Badajoz, Asociación Turística Terras de Iranzo-Ko-Lurrak (Navarra), Mancomunidad Valle Norte de Lozoya (Madrid), Asociación para el Desarrollo Integral de la Sierra Oeste de Madrid e Federación Nacional de Asociaciones y Municipios con Centrales Hidroeléctricas y Embalses (Femembalses).

E invitan á Deputación de Lugo a formar parte do devandito proxecto incorporándose á Agrupación que se constituirá ao efecto para a solicitude das axudas do Programa "Experiencias Turismo España", convocatoria 2023.

As actuacións a desenvolver por esta Agrupación serán as seguintes:

1 https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2022-21447

OBJECTIVOS	ACCIONES
1. Mellorar a cooperación, colaboración e o traballo en rede dos territorios e tecido empresarial especializado, xerando economías de escala e efectos multiplicadores na creación de novas oportunidades económicas e de emprego nos destinos rurais de augas de interior en España (1.1 a 1.4)	1.1. Definición dun Modelo de Gobernanza para a xestión colaborativa da Rede Española de Ecoexperiencias en Destinos de Augas de Interior 1.2. Acompañamento durante o arranque e posta en marcha da Rede Española de Ecoexperiencias en Destinos de Augas de Interior. 1.3. Elaboración dun Manual de Produto para a certificación de Destinos Turísticos de Augas de Interior sostibles e de calidade. 1.4. Certificación piloto dos 5 destinos
2. Facilitar a mellora do coñecemento e intercambio de experiencias e boas prácticas entre os destinos especializados en augas de interior (1.6 e 1.8)	2.1. Análise de situación e potencialidades do produto turístico acuático e náutico en augas de interior en España 2.2. Viaxes técnicas de familiarización para o intercambio de experiencias e boas prácticas
3. Consolidar o modelo de xestión da rede e das experiencias turísticas especializadas para lograr un crecemento intelixente, sostible e inclusivo en prol dunha maior cohesión social, territorial e inter-territorial (1.5, 1.7, 1.9 e 1.10)	3.1. Xestión da experiencia turística a nivel nacional da Rede Española de Ecoexperiencias en Destinos de Augas de Interior 3.2. Xestión da experiencia turística a nivel local en cada un dos Destinos Turísticos de Augas de Interior 3.3. Avaliación e Auditoría do proxecto e da súa conta xustificativa 3.4. Asistencia técnica para a redacción do proxecto á convocatoria Experiencias Turismo España
4. Incrementar a competitividade e capacitación do tecido empresarial para desenvolver experiencias turísticas especializadas máis sostibles 360º	4.1. Talleres de asesoramento e capacitación para a adaptación da oferta turística acuática e náutica existente cara a experiencias turísticas máis sostibles, eco-verdes, inclusivas e que xeren un maior impacto na comunidade local. 4.2. Elaboración dunha guía de emprendemento para crear empresas sostibles e inclusivas no sector acuático e náutico
5. Fomentar a sustentabilidade, diversificación, diferenciación e valor experiencial da proposta de valor turística especializada dos destinos de augas de interior (só 2.2 e 2.3).	5.1. Elaboración dun catálogo de novas experiencias turísticas sostibles, inclusivas que incorporen a lóxica da economía circular así como o coñecemento e consumo de produtos km0 de proximidade implicando a produtores locais co fin de xerar un maior impacto positivo na comunidade local. 5.2. Testeo das experiencias a través dun evento piloto sostible simultáneo nos cinco destinos da Rede durante un mes
6. Innovar nas propostas de valor das experiencias turísticas especializadas en destinos de augas de interior, desenvolvendo modelos máis sostibles e máis especializados con capilaridade a outros territorios (só 2.4)	6.1. Hub de turismo acuático e náutico
7. Impulsar a transición dixital dos destinos e ecosistema empresarial especializado en turismo de augas de interior, facilitando a mellora continua dos procesos incluídos na cadea de valor turística mediante o uso da tecnoloxía	7.1. Deseño dunha plataforma web turística B2B e B2C, en español e inglés, que aglutine información dos destinos que conforman a Rede, das experiencias turísticas así como de todos os axentes que participan nas mesmas 7.2. App con información dos destinos e as experiencias turísticas. 7.3. Talleres de dixitalización e comercialización das experiencias turísticas 7.4. Definición do modelo de Observatorio Turístico Dixital para o seguimento das experiencias turísticas
8. Incrementar a visibilidade, notoriedade, imaxe e posicionamento das experiencias turísticas especializadas nos destinos rurais de augas de interior en España entre os segmentos de demanda obxectivo, contribuíndo á diversificación e desestacionalización da demanda	8.1. Desenvolvemento da marca e arquitectura de marcas da Experiencia Turística Acuática e Náutica en Augas de Interior 8.2. Creación do relato e microrrelatos da Experiencia Turística Acuática e Náutica en Augas de Interior 8.3. Elaboración dun plan de márketing e comunicación estratéxico coordinado co Plan Integral de Comunicación e Marketing de TURESPAÑA 8.4. Plan de social media 8.5. Banco de imaxes e vídeos dos destinos e experiencias 8.6. Presentación a operadores turísticos e medios de comunicación 8.7. Comunicación das experiencias en Spain.info
9. Contribuír ao fortalecemento e consolidación da Rede Nacional de destinos de augas de interior e á ampliación e mellora do portafolio de eco-experiencias especializadas, incrementando a súa visibilidade entre os principais grupos de interese en destino	9.1. Elaboración dun Plan de Comunicación das accións, fitos e resultados do proxecto 9.2. Webinars de resultados do proxecto destinados ao persoal técnico dos departamentos de Promoción das DG de Turismo, así como a Informadores das Oficinas de Turismo de Extremadura, Navarra e Madrid e persoal de OET 9.3. Xornada Final de proxecto con presentación de resultados aos axentes públicos e privados de cada un dos territorios nos que se implantou o programa Experiencias Turísticas Acuáticas e Náuticas de Augas de Interior de España 9.4. Xornada Final Técnica aberta a outros destinos de augas de interior que queiran adherirse á a Rede no futuro. 9.5 Identificación, sensibilización e captación de novos socios para a rede



O proxecto para o que se solicitará esta axuda por parte da mencionada Agrupación, presentárase pola contía máxima permitida polas bases reguladoras (1.000.000,00 euros). A contía das actuacións financiábles a desenvolver pola Deputación de Lugo dentro deste proxecto ascenderá como máximo a 200.000,00 euros sen considerar impostos.

Dado que o importe do financiamento a conceder segundo a orde reguladora das axudas será do 100 por 100 sobre o orzamento do proxecto que fose considerado financiáble e tendo en conta que en ningún caso se consideran gastos subvencionábles os impostos indirectos, a aportación da Deputación de Lugo a este proxecto con fondos propios será como máximo de 42.000,00 euros.

As cantidades anteriores teñen a consideración de máximas pero poderán sufrir algunha modificación á baixa en función das actuacións solicitadas que se consideren financiábles e da resolución de concesión das axudas.

De resultar beneficiaria a Agrupación, a Deputación de Lugo terá a consideración de beneficiaria da subvención, e será responsable solidariamente respecto do conxunto de actividades subvencionadas a desenvolver pola agrupación, incluíndo a obrigação de xustificar, o deber de reintegro ou de reembolso de cotas de préstamos, e as responsabilidades por infraccións.

Consideracións.

Primeira.- O artigo 67 do Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia establece:

Artigo 67. Agrupacións para a presentación de solicitudes a convocatorias de axudas para actividades vinculadas co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Economía Española.

1. As bases reguladoras para a concesión de subvencións de actividades vinculadas co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Economía Española poderán establecer que poidan ser beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, nos termos previstos no apartado 3 do artigo 11 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. Os membros da agrupación deberán subscribir, con carácter previo á formulación da solicitude, un acordo interno que regule o seu funcionamento, sen que sexa necesario que se constitúan en forma xurídica algunha para iso.

O acordo de agrupación debería incluír, polo menos, os seguintes aspectos:

a) Compromisos de execución de actividades asumidos por cada membro da agrupación.

b) Orzamento correspondente ás actividades asumidas por cada membro da agrupación, e importe da subvención para aplicar en cada caso. Cada un dos membros, como beneficiarios, poderá recibir a contía máxima establecida no artigo 7

(200.000,00€), de forma que dita contía máxima computarase a nivel de cada un dos beneficiarios definidos no artigo 3.1 que forme parte da agrupación. No caso de concesión de axuda, o pago do importe que corresponda a cada membro será realizado directamente a este

c) Representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigacións que, como beneficiario, corresponden á agrupación.

d) Organización interna da agrupación, plan de continxencias e disposicións para a resolución de litixios internos.

e) Acordos sobre responsabilidade, indemnización e confidencialidade entre os participantes.

f) Propiedade dos resultados.

g) Protección legal dos resultados, e, no seu caso, da propiedade industrial resultante. Deberá recoller unha previsión mínima de cesión de dereitos de uso non exclusivo en beneficio da administración pública española, por unha duración acorde coa regulación da propiedade intelectual ou industrial, segundo o caso.

h) Normas de difusión, utilización, e dereitos de acceso aos resultados da actividade subvencionada.

3. O acordo de agrupación poderá condicionarse a ser declarado beneficiario da axuda por resolución de concesión definitiva.

4. Todos os membros da agrupación terán a consideración de beneficiarios da subvención, e serán responsables solidariamente respecto do conxunto de actividades subvencionadas a desenvolver pola agrupación, incluíndo a obrigação de xustificar, o deber de reintegro ou de reembolso de cotas de préstamos, e as responsabilidades por infraccións.

5. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e, no caso de que a subvención sexa en forma de préstamo, ata que se produza a súa amortización total.

6. A agrupación poderá propoñer que se some un novo participante ou se retire outro, ou que se substitúa ao representante, de conformidade co disposto nas bases reguladoras, sempre que este cambio axústese ás condicións de participación, non prexudique á execución da acción nin vaia en contra do principio de igualdade de trato.

7. En todo o non previsto neste artigo, aplicarase a Lei 38/2003, do 17 de novembro, e a súa normativa de desenvolvemento.

Así mesmo, o artigo 11.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións establece:

Artigo 11. Beneficiarios.

(...) 3. Cando se preveña expresamente nas bases reguladoras, poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a



cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigacións que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 desta lei.)

A estes efectos as bases reguladoras destas axudas establecen no seu artigo 4.2, letra d, o seguinte:

d) Conforme ao artigo 11 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a agrupación deberá nomear un representante ou apoderado único, con poderes bastantes para cumprir as obrigacións que, como beneficiario, corresponden a aquela e, en particular, as seguintes:

1º. Presentar a solicitude da axuda que deberá diferenciar os compromisos de execución de cada membro da agrupación, o importe da subvención para aplicar a cada un deles, así como as actuacións e o orzamento correspondente a cada un.

2º. Actuar como interlocutor único entre a agrupación e o órgano concedente.

3º. Solicitar de cada membro toda a información esixible ou requirida polo órgano concedente, e en particular a relativa á xustificación da subvención.

No presente proxecto de cooperación, será a Deputación de Cáceres a que actuará como representante da agrupación que se constitúa ao efecto

Pola súa banda, o modelo de acordo privado para crear unha Agrupación ven recollido como anexo II na Orde ICT/1244/2022, de 13 de decembro, pola que se modifica a Orde ICT/1524/2021, do 30 de decembro, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o Programa «Experiencias Turismo España» e apróbase a súa convocatoria para o exercicio 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Segunda.- O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local- LBRL, recolle as competencias das Deputacións Provinciais entre as que se atopa a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo con as competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, no seu artigo 6 determina que corresponde ás entidades locais supramunicipais, se prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, as seguintes atribucións:

- a) A promoción dos recursos turísticos e xeodestinos, segundo a definición contemplada no artigo 23.1, que se determinen dentro do seu ámbito territorial, en coordinación con todos os entes locais afectados e a Administración autonómica.
- b) O asesoramento e apoio técnico aos entes locais do seu ámbito territorial en calquera aspecto que mellore a súa competitividade turística.
- c) A articulación, coordinación e fomento das estratexias de promoción derivadas do ámbito privado do sector turístico.
- d) A contribución, a instancia da Administración autonómica, á formulación dos instrumentos de planificación turística.

O Servizo de Turismo da Deputación de Lugo asume as devanditas competencias. Para dar resposta de forma planificada ás mesmas, a Deputación de Lugo elaborou en 2017 o Plan Estratéxico de Turismo da Provincia de Lugo 2017-2020. Os alicerces deste Plan foron: a redefinición do modelo de xestión e gobernanza turística do territorio, o desenvolvemento dunha oferta diferencial, a consolidación da tendencia á alza da demanda turística, a mellora da competitividade e a dotación ao sector de ferramentas para a innovación.

No marco deste Plan Estratéxico, unha das principais liñas de actuación é a referida ao impulso da gobernanza turística a través de diferentes estruturas de xestión, prevendo a creación dun ente turístico provincial de carácter participativo e consultivo que traballe en prol do desenvolvemento consensuado dos plans de actuación e da promoción conxunta da marca do destino. Todo iso co obxectivo de articular os diferentes axentes da cadea de valor turística para xerar compromiso, aliar os obxectivos e colaborar en proxectos asegurando un bo funcionamento do modelo turístico.

Froito deste traballo en 2018 apróbase o Regulamento do Consello Provincial de Turismo da Provincia de Lugo, órgano colexiado de carácter consultivo e de asesoramento que ten por obxecto canalizar a participación social dos axentes turísticos públicos e privados do territorio no deseño e na execución consensuada da política turística local co fin de crear sinerxías e impulsar o desenvolvemento sostible e a mellora continua do sector na provincia de Lugo.

Terceira.- Coa finalidade de abordar a recuperación socioeconómica fronte á crise, esta Deputación deseñou en 2021 a súa propia folla de ruta denominada Plan de propostas de acción para la provincia de Lugo a través del Fondo de Recuperación Europeo (Next Generation EU).

Este documento, no cal se define a estratexia a seguir na provincia de Lugo a medio e longo prazo, está totalmente aliñado cos obxectivos que persegue o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aprobado polo Consello de Ministros do



Gobierno de España o 27 de abril de 2021 para a súa remisión á Comisión Europea, así como tamén coas recomendacións do Semestre Europeo para o noso país e cos obxectivos principais da nova Política de Cohesión para 2021-2027 que impulsarán os investimentos da UE durante este período. Comprende todas as actuacións que a Deputación de Lugo pretende financiar con cargo ao Fondo de Recuperación Europeo e tamén co novo Marco Financeiro Plurianual 2021-2027.

Para o seu desenvolvemento tívoise en conta as particularidades da provincia de Lugo e o papel de liderado e cooperación cos municipios que esta Deputación quere seguir desempeñando.

Establécense 6 propostas claves de actuación, cada unha delas aliñada cos eixos transversais, políticas panca e compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e tamén cos obxectivos da AUE entre as que se atopa o Plan integral de promoción turística e de mobilidade sustentable no territorio.

No mesmo propóñense accións concretas a realizar tanto na rede viaria provincial como en materia turística (desenvolvemento do turismo sostible e intelixente, dixitalización, mellora dos usos turísticos das instalacións provinciais, recuperación do patrimonio histórico, mellora da información turística, desenvolver actividades de ocio características dos destinos de turismo verde e natureza...)

Os obxectivos deseñados pola Deputación de Cáceres están claramente vencellados coa potencialidade turística da nosa provincia. O inmenso potencial fluvial da provincia de Lugo, a reserva da biosfera do Miño, os roteiros fluviais no territorio da Ribeira Sacra lucense ... incardínase nos obxectivos propostos no proxecto da Deputación de Cáceres, que pretende apostar por un modelo capaz de impulsar o desenvolvemento económico e empresarial en torno aos encoros e láminas de auga doce de interior e a súa contorna, así como preservar e poñer en valor os valores medioambientais, sociais e culturais que os caracterizan.

Cuarta.- Respecto do órgano competente, o Regulamento Orgánico desta Deputación Provincial, publicado no BOP de Lugo Núm. 202 de data 3 de setembro de 2020, establece no seu artigo 59 que lle corresponde á Xunta de Goberno as seguintes atribucións, entre outras, delegadas do Presidente e do Pleno:

(...)17. Solicitud de subvencións a organismos oficiais e privados cando a devandita competencia non sexa atribución do presidente/a..)”

Vense considerando que a Xunta de Goberno é a competente tanto en materia de contratación, como de subvencións e convenios cando o seu importe supera o dos contratos menores.

Polo tanto, a xuízo do que subscribe correspóndelle á Xunta de Goberno a competencia para autorizar a incorporación da Deputación de Lugo á agrupación de entidades coordinada pola Deputación de Cáceres para a solicitude das axudas reguladas na Orde do 26 de xullo do 2023, pola que se efectúa a convocatoria

correspondente ao ano 2023 do Programa "Experiencias Turismo España" no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Polo anteriormente exposto e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, esta Presidencia propón á Xunta de Goberno que se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a incorporación da Deputación de Lugo como parte dun proxecto de cooperación co obxecto de solicitar as axudas reguladas na Orde do 26 de xullo de 2023, pola que se efectúa a convocatoria correspondente ao ano 2023 do Programa "Experiencias Turismo España" no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Para a solicitude da axuda constituirase unha Agrupación de Entidades conformada pola Deputación de Lugo, Deputación de Cáceres, Deputación de Badajoz, Asociación Turística Terras de Iranzo-Ko-Lurrak (Navarra), Mancomunidade Valle Norte de Lozoya (Madrid), Asociación para el Desarrollo Integral de la Sierra Oeste de Madrid e a Federación Nacional de Asociaciones y Municipios con Centrales Hidroeléctricas y Embalses (Femembalses). Corresponderalle á Deputación de Cáceres actuar como representante da agrupación de acordo previsto no artigo 4.2, letra d) das bases reguladoras destas axudas

O proxecto para o que se solicitará esta axuda por parte da mencionada Agrupación, presentarse pola contía máxima permitida polas bases reguladoras (1.000.000,00 euros). A contía das actuacións financiáveis a desenvolver pola Deputación de Lugo dentro deste proxecto ascenderá como máximo a 200.000,00 euros sen considerar impostos.

Dado que o importe do financiamento a conceder segundo a orde reguladora das axudas será do 100 por 100 sobre o orzamento do proxecto que fose considerado financiável e tendo en conta que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos, a aportación da Deputación de Lugo a este proxecto con fondos propios será como máximo de 42.000,00 euros.

As cantidades anteriores teñen a consideración de máximas pero poderán sufrir algunha modificación á baixa en función das actuacións solicitadas que se consideren financiáveis e da resolución de concesión das axudas.

2º.- Aprobar o texto do Acordo privado para crear unha agrupación, elaborado pola Deputación de Cáceres consonte ao modelo establecido na Orde ICT/1244/2022, de 13 de decembro, pola que se modifica a Orde ICT/1524/2021, do 30 de decembro, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o Programa «Experiencias Turismo España» e apróbase a súa convocatoria para o exercicio 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



3º.- Facultar ao Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo para subscribir o Acordo privado para crear unha agrupación anteriormente citado, así como calquera outro documento necesario para a consecución do propósito.

4º.- No caso de resultar beneficiaria da devandita subvención, a Deputación de Lugo asumirá o compromiso de cofinanciar con fondos propios a parte non subvencionada, que como máximo ascenderá a 42.000,00 euros, a executar previsiblemente nas anualidades 2023, 2024 e 2025 tendo en conta que non existe unha data certa para a resolución da convocatoria de axudas e que o prazo de execución de actuacións non poderá superar os dezaioito meses contados desde a resolución de concesión.

No caso de que a resolución de concesión das axudas se efectúe no 2023, a consignación orzamentaria para esta anualidade realizarase no momento da aceptación da resolución favorable da axuda. Para as seguintes anualidades, deberá adoptarse o compromiso de incluír, nos orzamentos xerais das mesmas, os importes correspondentes nas aplicacións orzamentarias segundo a natureza das actividades a realizar, quedando supeditados á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no suposto de concesión do proxecto.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DUNHA ENTIDADE A PARTICIPAR NO PROGRAMA COÑECE A TÚA PROVINCIA (ANUALIDADE 2023).

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o escrito Dona. Beatriz Rodríguez Muínelo con DNI ***4016**, en representación da entidade Asociación de Vecinos Corazón con NIF G27205731 presentado o 12/09/2023 (2023/PES_03/019424), no que comunica a renuncia á participación no Programa Coñece a túa Provincia (excursión concedida para o 15 de setembro de 2023).

Vistas as bases da convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2023), aprobadas en Xunta de Goberno de data 22 de decembro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 9 de xaneiro de 2023.

Visto o acordo de Xunta de Goberno de data 3 de febreiro de 2023 polo que se aproba a listaxe de entidades para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2023) e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 24 de febreiro de 2023.

Visto o informe do Servizo de Turismo, no que se sinala:

“Antecedentes.

Escrito presentado por Dona. Beatriz Rodríguez Muinelo con DNI ***4016**, en representación da entidade Asociación de Vecinos Corazón con NIF G27205731 o 12/09/2023 (2023/PES_03/019424), segundo modelo do Anexo II das bases da convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2023), no que renuncia á excursión concedida no marco do citado programa na quenda de primavera debido a que “vémonos obrigados a renunciar ao programa da Deputación xa que non temos máis que 3 inscritos para realizar a excursión”.

Fundamentos de dereito.

Bases reguladoras da convocatoria do programa Coñece a túa Provincia –anualidade 2023- aprobadas pola Xunta de Goberno o 22 de decembro de 2022 e publicadas no BOP o 9 de xaneiro de 2023. En concreto, a base 9.8 recolle textualmente: “Renuncia: no caso de que a entidade beneficiaria decida renunciar ao programa ou non reúna a cantidade mínima de participantes esixida, deberá presentar por rexistro cuberto e asinado o modelo de renuncia que figura no Anexo II destas bases reguladoras no prazo máximo de sete días hábiles antes da excursión. No caso de que a renuncia se produza nun prazo inferior ao indicado, a entidade perderá o dereito de participar na seguinte edición do programa, agás que a renuncia sexa debida a causas de forza maior xustificadas”.

Acordo de Xunta de Goberno de data 03 de febreiro de 2023 no que se aprobou a listaxe de entidades para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2023) e no que figura no posto nº 24 das entidades admitidas a Asociación de Vecinos Corazón con NIF G27205731 (publicación do BOP 045 do 24 de febreiro de 2023).

Conclusión.

Procede a tramitación favorable da renuncia, sendo o órgano competente para a resolución do procedemento a Xunta de Goberno.

O prazo de presentación da renuncia non se axusta ao prazo mínimo fixado de sete días hábiles anteriores á excursión establecido na convocatoria (o día da viaxe estaba fixado no 15/9/2023) polo que, atendendo á base 9.8, a entidade perdería o dereito de participar na seguinte edición do programa. É canto procede informar”



A Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Estimar a renuncia da Asociación de Vecinos Corazón con NIF G27205731 para a participación no programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2023), coa conseguinte perda do dereito desta entidade a participar na seguinte edición do programa atendendo ao sinalado na base 9.8 da convocatoria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO “MONTERROSO; UN ORÓNIMO, UNHA XURISDICCIÓN, UN CONCELLO”.

Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “Monterroso; un orónimo, unha xurisdicción un concello”; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autor don Carlos Vázquez García, na cantidade de dezaseis euros (16,00 €) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de quince euros con trinta e oito céntimos de euro (15,38 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%).

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO “A DEVOCIÓN POPULAR NOS SANTUARIOS LUCENSES”.

Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “A devoción popular nos santuarios lucenses”; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autor don José Manuel Blanco Prado, na cantidade de dezanove euros (19,00 €) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de dezaioito euros con vinte e sete céntimos (18,27 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%).

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A AMPLIACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO DE TERAPEUTA OCUPACIONAL PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que, logo de efectuar consulta na Sección de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de Recursos Humanos desta entidade, neste momento existen escasos efectivos que se poidan incorporar a prestar servizos na listaxe vixente de emprego temporal de Terapeuta Ocupacional; constatándose a necesidade de que a Entidade conte con máis efectivos para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente as incorporacións cando sexan precisas e estean xustificadas, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal vixente de Terapeuta Ocupacional, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP número 079 de 6 de abril de 2020 e na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 publicadas no BOP número 161 de 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público-RRHH-selección temporal.



3º.- Aprobar as bases específicas, que complementarían ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A CREACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO DE FISIOTERAPEUTA PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que foi caducada por decreto da Presidencia de data vinte e un de decembro de dous mil vinte e dous (21/12/2022) a listaxe de emprego temporal de Fisioterapeuta polo que neste momento non existen efectivos que se poidan incorporar a prestar servizos, constatándose a necesidade de que a Entidade cree unha nova listaxe para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a creación dunha nova listaxe de emprego temporal de Fisioterapeuta, grupo A – subgrupo A2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP número 079 de 6 de abril de 2020 e na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 publicadas no BOP número 161 de 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público-RRHH-selección temporal.

3º.- Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO, DÚAS (2) PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, GRUPO C – SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 - TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:



“As bases xerais que regulan xunto coas bases específicas, os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – IC) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre publicáronse no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso, dúas (2) prazas de Administrativo/a da escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C – subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionarias de carreira a:

Dona María Isabel Lourés Cancelo, para ocupar a praza número I84, denominada Administrativo/a, escala administración xeral, subescala administrativa, grupo C – subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Administrativo/a Entrada número I129, vinculado á citada praza.

